

Suárez Yáñez, Andrés (2011). *Diagnóstico pedagógico. Diagnóstico de las competencias en lenguaje verbal escrito y matemáticas en educación primaria.* Madrid: La Muralla, 261 páxinas.

A obra recolle a concepción que mantén o autor sobre o diagnóstico pedagóxico (DP) e sobre como debe implementarse en dificultades de lectura, escritura e matemáticas. Esta concepción representa unha posición moi crítica co DP ó uso, tanto na práctica do mesmo coma na ensinanza universitaria desta disciplina.

A finalidade do libro podemos extraela da introdución e resumila nos seguintes termos: defini-los trazos fundamentais dun diagnóstico pedagóxico (DP) de calidade. Un diagnóstico destas características require unha reorientación da ensinanza universitaria desta disciplina.

Ademais da introdución, o libro, que está dividido en dúas partes, consta de 9 capítulos e inclúe referencias bibliográficas. Cada capítulo ten a súa propia introdución na que se formulan os obxectivos que o lector debería acadar para demostrar que entende o texto. A primeira parte componse de catro capítulos e nela Suárez expón a súa concepción sobre diagnóstico pedagóxico. É, polo tanto, estritamente conceptual. A segunda parte, titulada “Demandas de DP abordadas en este libro”, consta de 5 capítulos. Nesta parte, ofrece unha proposta para implementar tanto un DP focalizado no eido das dificultades en lectura, en escritura e nas matemáticas, coma un DP xeral.

No capítulo 1, o autor ocúpase de explica-la súa concepción do diagnóstico pedagóxico. Emprega o termo diagnóstico en educación como sinónimo de avaliación dun “obxecto” utilizando coñecementos, técnicas e instrumentos, co fin de coñece-lo seu estado e determinar se precisa ou non algunha mellora. Óptase por un diagnóstico que se basee nun coñecemento do obxecto diagnosticado. Este coñecemento debe ser un coñecemento aceptado (sustentado na investigación), pero tendo en conta que no ámbito pedagóxico os construtos non están tan ben definidos como nas ciencias duras e, polo tanto, que é necesario aceptar un certo relativismo ó respecto. Por último, Suárez anticipa que se situará nunha perspectiva pragmática do diagnóstico, centrado en “propósitos e situacións concretas”, e que non se referirá a métodos, técnicas, etc de obtención de información, xa que, na súa opinión, este contido pertence a metodoloxía da investigación.

O capítulo 2, titulado “El papel del conocimiento del diagnosticando”, está adicado a delimita-la relación entre coñecemento, intervención e DP. Segundo se propón, o DP debe considerarse como un elemento da intervención psicopedagóxica. Debe ser unha aplicación do coñecemento dispoñible, aínda que no ámbito pedagóxico non existan coñecementos universalmente aceptados, pero, por outra parte, tamén debe servir para xerar novo coñecemento. Neste contexto, é necesario considera-la influencia que pode te-lo enfoque e maneira de efectua-lo DP sobre o tipo de intervención a desenvolver, do mesmo xeito que a forma de avaliar incide no xeito de ensinar, aínda que a relación seguramente non sexa unidireccional.

No capítulo 3, de forma moi sintética, en primeiro lugar, encádrase o DP dentro da investigación avaliativa en educación, no espazo que lle corresponde á “Avaliación do alumnado ou educando”. En segundo lugar, acóutanse o tipo de demandas que se estudarán no libro e que, como xa sinalamos, son as dificultades el lectura e escritura, xunto ás dificultades en matemáticas e o DP xeral.

O capítulo 4 comeza cunha argumentación a prol do DP como un proceso encamiñado á mellora do obxecto que se diagnostica e que se centra na avaliación de necesidades educativas. O diagnóstico, segundo a situación, será xeral ou focalizado e cada un deles, á súa vez, pode ser grupal ou individual. O proceso de DP rematará cunha descrición dos puntos fortes e puntos débiles do suxeito e do seu entorno, mostrando moita prudencia á hora de atribuír ou relaciona-las causas coas dificultades. O DP, como xa se indicou anteriormente, debe basearse en coñecementos aceptados sobre o diagnosticando, iniciarse a partir dunha demanda ou dunha detección, seguir coa obtención e análise de evidencias, ata chegar á síntese diagnóstica (puntos fortes e puntos débiles) e ó informe. Por outra parte, consonte á concepción que se defende do DP, este considérase como elemento do programa de intervención, incluídas as avaliacións continua e final da intervención, o seguimento e a avaliación do propio programa. É neste contexto onde cobra sentido falar do DP en termos de contraste de hipóteses, das hipóteses formuladas acerca da eficacia da intervención. Isto non significa que o DP en si mesmo se poida entender como unha contrastación de hipóteses tal como esta se entende na investigación experimental. Suárez avoga polo uso complementario do diagnóstico formal (realizado por especialistas, nun curto período de tempo, fóra do contexto natural, co uso de instrumentos estandarizados “obxectivos”) e o diagnóstico informal, así como por limita-lo emprego de instrumentos psicométricos estandarizados. O capítulo remata cunha crítica á forma en que se trata a confidencialidade do DP, en tanto que impide contrastar a opinión formulada.

Dentro da segunda parte da publicación (“Demandas de DP abordadas en este libro”), o capítulo 5, “DP de la competencia lectora”, iníciase coa defensa de enfoques comprensivos que teñen en conta aspectos socioculturais e pragmáticos, fronte a modelos máis restritivos como o das “dúas rutas”, á vez que tamén se

defende un achegamento á intervención psicopedagóxica máis cercano ó coñecemento dos profesionais que o van a implementar. A continuación, expónse o que se considera unha concepción aceptada de ler e que se explica utilizando un exemplo práctico moi clarificador. Esta concepción, basicamente implica unha boa competencia lectora, a cal se corresponde con comprende-lo que se le. Comprende-lo que se le, á súa vez, significa construí-lo modelo da situación a que se refire o texto, significa capta-la realidade a que fai referencia o texto. Entre os compoñentes do DP individual, e que se comentaron máis arriba, están a especificación da demanda, que desembocará nun DP focalizado ou xeral, o historial, a evidencia recompilada e a síntese valorativa. A efectos de recoller evidencia, inclúese un listado de aspectos a ter en conta na avaliación, dende o nivel de procesamento (superficial, proposicional, situacional) e a activación de coñecementos previos, ata a concepción da comprensión lectora do profesorado e as prácticas lectoras na escola, pasando por aspectos como a exactitude lectora. Pola súa parte, o informe, exemplificado cun caso ficticio, debe recoller os datos de identificación da persoa avaliada, o proceso seguido e a conclusión, indicando puntos fortes e débiles, etioloxía, de se-lo caso, o pronóstico e a intervención que se propón.

No capítulo 6, “DP de la competencia en expresión escrita”, delimitase unha concepción aceptada de escribir. Dentro desta concepción, a principal función da escritura é a epistémica, a de servir de ferramenta para a aprendizaxe, para elaborar e organiza-lo coñecemento. Escribir consiste en construír unha representación dun referente cunha finalidade, empregando a linguaxe verbal, algo que é común á lectura e á escritura. A representación construída rexístrase nunha superficie para que poida ser recuperada coa vista principalmente. Despois de facer fincapé na relación entre escribir e ler e de resalta-la diferenza entre escribinte e autor-escriptor, Suárez propón unha lista de control cos elementos a ter en conta na avaliación. Agrupa estes elementos en calidades do texto-produto (dende funcionalidade e estrutura do texto ou cohesión ata ortografía e caligrafía) e os procesos involucrados na composición do texto (dende análise da situación comunicativa ou xeración do contido ata presentación e autorregulación). Finalmente, como no anterior capítulo, describe os compoñentes a incluír nun informe, que coinciden cos propostos para o DP da competencia lectora e que exemplifica cun caso real.

O seguinte capítulo, o número 7, está adicado ó concepto de dislexia. Incídese na controversia que suscita e na falta de acordo sobre o mesmo. O autor conclúe que a postura máis aceptable é a dimensional. Segundo esta postura, máis que existi-la categoría dislexia, existen diferentes graos de dificultade na aprendizaxe da lingua escrita. En canto ó diagnóstico, Suárez mantén que, cos medios con que contamos e seguindo os criterios establecidos, non é posible diagnosticar como disléxica a ningunha persoa de forma inequívoca. Polo tanto, á hora de avaliar a persoas con graves dificultades é preferible efectuar unha avaliación exhaustiva que achegue información válida de cara á intervención. Esta avaliación debe incluír: historial escolar e familiar, situación médica, lingua oral, exactitude lectora e ortográfica, velocidade lectora e memoria a curto prazo.

O capítulo 8, “DP de la competencia matemática”, comeza cunha referencia á importancia e frecuencia das dificultades de aprendizaxe en matemáticas. Continúa coa definición do que se considera unha concepción matemática aceptada. Esta concepción, no que se refire ós elementos básicos da disciplina en Educación Primaria, por unha parte e de forma moi resumida, esixe entende-las matemáticas como unha linguaxe e basea-la súa ensinanza na experiencia e na linguaxe verbal cotiás. Esta ensinanza, ademais, esixe que o profesorado dispoña dun coñecemento integrado dos contidos a impartir. Deste xeito, verase facilitada a transición da matemática informal á formal. A concepción da matemáticas que defende o autor tamén implica que os problemas se formulen en relación coa a vida real, pasar a transformalos nun modelo matemático formal para chegar á solución en termos matemáticos e que esta solución teña sentido no contexto da vida real. Tanto o proceso de DP coma o informe, do que se inclúe un exemplo inventado, conteñen os mesmos elementos que no caso da lingua escrita, coas especificidades correspondentes a teor do contido das áreas.

No noveno capítulo, “DP general”, en primeiro lugar, ofrécese unha visión sintética de distintas perspectivas teóricas sobre o comportamento e aprendizaxe humanos, xa que a orientación teórica do profesional avaliador influirá en como se afronta o proceso de DP. Por este motivo, apóiase un enfoque que integre razoablemente o que se sabe, de modo que o diagnóstico e a intervención teñan unhas maiores posibilidades de

éxito. En consoancia con esta proposta, no ámbito educativo é necesario ter en conta de cara á aprendizaxe a importancia do docente, xunto á do propio alumnado e á do contexto de aprendizaxe. Finalmente, facilítase información sobre eidos a avaliar dende EI a ESO (rendemento académico, rendemento cognitivo, personalidade, adaptación-conduta e estudo), así como sobre instrumentos para avalia-las áreas sinaladas e un exemplo imaxinario de informe.

Para rematar, hai unha serie de aspectos do libro, tanto no relativo á forma coma no que se refire ó contido, que merecen ser resaltados. En primeiro lugar, no que se refire á forma, agrádecese que estea escrito cunha linguaxe e un estilo claros, sen que por isto se vexa menoscabada a rigorosidade. Ademais de asentala argumentación do contido en investigacións propias e doutros autores, en bo número de ocasións, refrenda aquilo que argumenta con experiencias extraídas da práctica docente. O estilo confírelle ó texto un ton moi persoal, pero tamén mostra a solidez do coñecemento do autor sobre o tema. En segundo lugar, é igualmente de agradecer a introdución que, a modo de organizador previo, leva cada capítulo. Nesta introdución sinálase en forma de obxectivos a conseguir coa lectura do capítulo aquilo que se considera fundamental do contido que se expón.

Polo que respecta ó contido, pensamos que é un traballo de gran interese porque constitúe unha achega que ofrece unha orientación realista á hora de encara-lo DP de forma operativa. É, polo tanto, un texto práctico, cercano ó DP que máis probablemente se poida desenvolver nos ámbitos tratados. É moi convincente a aposta por basea-lo DP nun coñecemento aceptado do obxecto de diagnóstico. Efectivamente, sen dispoñer deste coñecemento, dificilmente se poderá efectuar un diagnóstico eficaz. Ó meu xuízo, propón un concepto de competencia en lingua escrita e matemáticas equilibrado, integrando achegas relevantes de diferentes perspectivas. Ofrece claves e información suficientes para a intervención, aínda que en determinados momentos quede a sensación de que se podería afondar máis neste aspecto, pero entendendo que dificilmente tería cabida maior profundidade nun texto destas características. Por todo o sinalado, o traballo constitúe unha referencia tanto para profesionais da psicoloxía e psicopedagogía vinculados ó diagnóstico e intervención en dificultades específicas de aprendizaxe coma para estudantes. En canto á utilidade do texto para estudantes, é de considerar a moi razoable crítica que se fai da ensinanza do DP como unha disciplina que non se centra no diagnóstico de “algo”, demasiado baseado en instrumentos estandarizados e que non se fundamente no coñecemento do obxecto diagnosticado.

Por último, non queremos rematar sen expresarlle os nosos parabéns ó autor por un texto que adopta unha perspectiva diferente, menos apegada ó “academicamente habitual” nos textos sobre diagnóstico, cercana á práctica e centrada en contidos concretos.

Antonio Estévez Álvarez
CEIP Agro do Muíño-Ames